

ANUNCIO

CONVOCATORIA PÚBLICA DA COBERTURA, EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE XEFE/A DE NEGOCIADO DE ESTATÍSTICA E PADRÓN NO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Visto o informe da xefa do Servizo de Participación e Atención cidadá solicitando a cobertura en comisión de servizos do posto de xefe/a de Negociado de Estatística e Padrón, mediante este anuncio se pon en xeral coñecemento dos/as interesados/as que cumpran os requisitos sinalados para esta provisión, para que presenten instancia por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, coa solicitude do posto, acompañándose do currículo vitae e informe positivo do servizo de procedencia ata o **3 de agosto de 2026**, inclusive.

Nº Postos	Denominación Posto	Código	Escala	Subescala	Grupo
1	XEFE/A NEGOCIADO ESTATÍSTICA E PADRÓN	720102/144	A.X	ADM.	C1

Os criterios de selección serán os referidos a antigüidade, grao persoal, traballo e postos desempeñados así como a formación e/ou méritos académicos, preferiblemente relacionados co posto a desempeñar.

Para a súa difusión e xeral coñecemento, poñerase anuncio no Taboleiro da sede electrónica e remitirase o anuncio aos correos corporativos.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe, María Elena Candia López Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.